

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****ESTRADA, A****Persoal, oposicións*****BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA CUBRIR EN PROPIEDAD UNHA PRAZA DE OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (PERSONAL FUNCIONARIO)*****ANUNCIO**

Mediante Acordo da XGL do día 4 de febreiro de 2019 aprobáronse as Bases xerais da convocatoria para cubrir con carácter definitivo un posto de Operario/a de obras e servizos básicos, vacante na Plantilla de Persoal funcionario do Concello da Estrada.

Primeira. Obxecto

O obxecto das presentes bases é a provisión en propiedade dunha praza de funcionario/a de carreira, polo sistema de oposición libre, vacante no cadro de persoal do Concello da Estrada do ano 2018 incluída na oferta de emprego público, publicación oficial no DOG Nº 111 do 12 de xuño de 2018 (OEP 2018), dun posto de Operario/a de Obras e servizos básicos. A devandita praza está integrada no grupo Agrupación Profesional e está clasificada no Cadro de Persoal do Concello da Estrada na Escala de Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, Clase Persoal de Oficinas, dotadas do soldo correspondente ao seu grupo, e o nivel de complemento de destino e cantidade asignada como específico.

Segunda. Condicións de admisión das persoas aspirantes

Para ser admitidos/as á realización das probas de selectivas, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, os/as candidatos/as deberán posuír os requisitos que se relacionan o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e mantelos ata o momento da toma de posesión.

1.—Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

2.—Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas,

3.—Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

4.—Non ser separado/a mediante un expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario/a ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso ao emprego público no seu estado nos mesmos termos.

Acreditarase coa presentación de declaración xurada ao efecto, que se xuntará á solicitude de participación.

e) Xustificante de ter ingresado a taxa para participar no proceso selectivo.

Terceira. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1.—As persoas que desexen participar nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao alcalde do Concello da Estrada. A instancia conterá, polo menos, os datos persoais da persoa solicitante, o seu enderezo, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico e a denominación da praza convocada a que opta. Farase constar expresamente que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base segunda da convocatoria, para o que cumprirá achegar:

1) Unha fotocopia do documento nacional de identidade

2) O certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2 ou equivalente).



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

3) O xustificante do pagamento das taxas de inscrición. A cantidade que se deberá aboar será de 10,00 €, que se pagarán na Tesourería Municipal ou a través do seguinte número de conta bancario da entidade BBVA: ES17 0182 6246 3202 0036 0191. No xustificante de ingreso terá que figurar o DNI da persoa candidata á praza e á praza á que aspira. Non obstante, no Rexistro Xeral do Concello da Estrada facilitaráselles ás persoas interesadas un modelo de solicitude redactado segundo se recolle no anexo das presentes bases.

Segundo a Ordenanza fiscal núm. 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non se lles esixirá o pagamento polos conceptos “dereitos de exame” e “compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como demandantes de emprego, sempre que o acrediten por medio da certificación emitida polo Instituto Nacional de Emprego ou do servizo homólogo da comunidade autónoma.

2.—O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte no que apareza o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. O texto íntegro das Bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e na páxina web municipal <http://www.aestrada.gal/>, e publicarase no Diario Oficial de Galicia un extracto da convocatoria.

3.—A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello da Estrada ou e en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 26 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser seladas e datadas polo persoal funcionario de Correos antes de ser certificadas.

Aconséllaselles ás persoas aspirantes que presenten a súa solicitude noutros Rexistros ou a través de correo postal na forma establecida regulamentariamente, adianten copia da solicitude co selo do rexistro de procedencia ou, no seu caso, co selo coa data de presentación en correos a través do número de fax 986570836 ou ao correo electrónico (persoal@aeestrada.es) e durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

En ningún caso, a presentación do pagamento da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación de solicitude,

4.—As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na súa solicitude, aínda que os erros de feito que se puideren advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a petición dunha parte.

Cuarta. Admisión de aspirantes

1.—Unha vez rematado o prazo dos 20 días hábiles fixado para a presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará una resolución relativa á aprobación da lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal, e conterá a indicación de que as listas certificadas completas de admitidos e excluídos están



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

expostas ao público no dito Taboleiro de anuncios e na web municipal. Concédese un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución no Boletín Oficial da Provincia, para emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

2.—Rematado o prazo de 10 días de subsanación de erros e/ou reclamacións, publicarase no Boletín Oficial da provincia, no taboleiro de anuncios e na web municipal, unha resolución elevando a definitiva a lista provisional de aspirantes, incluíndo no seu caso aos/ás excluídos/as que subsanaran erros ou omisións. En dita resolución determinarase o lugar, data e hora do comezo dos exercicios, así como o Tribunal calificador.

Quinta. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

O tribunal cualificador estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a (que actuará con voz pero sen voto) e tres vogais, cos/coas seus/súas correspondentes suplentes. Ao abeiro do artigo 59.4 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, as persoas membros dos órganos de selección, á excepción do Secretario, deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

As persoas membros dos tribunais deberanse abster de intervir cando concorreren nelas algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Este feito deberanllo comunicar ao alcalde. Tampouco poderán intervir se realizaron tarefas de preparación de aspirantes para o mesmo corpo e especialidade durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar as persoas membros do tribunal cando nelas conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o tribunal tamén se poderán incorporar as outras persoas vogais titulares que non concorren á sesión constitutiva e, de ser o caso, as suplentes.

Para a válida constitución do órgano de selección para os efectos da realización das distintas probas, deliberacións, cualificacións e adopción de acordos, requirirase, en calquera caso, a presenza do presidente e do secretario ou, no seu caso, de quen os substitúa, e máis a metade, cando menos, dos vogais integrantes.

As persoas membros do tribunal que asistan ás súas sesións percibirán axudas de custo pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar as persoas asesoras, que tamén serán compensadas da forma legalmente establecida.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

Sexta. Desenvolvemento do proceso selectivo

1. O comezo dos exercicios deberá anunciarse con 15 días de antelación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Corporación, atrasándose a data de inicio das probas para cumprir o dito prazo se fose preciso.

2. Os exercicios e as probas practicaranse en chamamento único. A non presentación dun/dunha aspirante a calquera dos exercicios no momento de ser chamado/a, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo exercicio e nos sucesivos, quedando excluído/a, en consecuencia, do procedemento selectivo, agás nos casos debidamente xustificadas, que o tribunal terá que resolver de xeito motivado. Deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos/as do DNI, NIE ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do órgano de selección, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das probas.

3. A orde de actuación das persoas opositoras, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará pola letra G, consonte a Resolución do 17 de xaneiro de 2018 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia. No suposto de non existir ningunha persoa aspirante cuxo primeiro apelido comece pola letra indicada, a orde de actuación iniciarase por aquelas cuxo primeiro apelido comence pola letra seguinte, e así sucesivamente.

O tribunal poderalles requirir ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade en calquera momento.

Se en calquera momento do proceso selectivo chega ao coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, despois dunha audiencia coa persoa interesada, deberáselle propoñer ao alcalde a súa exclusión, indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Entre a realización de cada un dos exercicios da oposición (excluídos os non eliminatorios) deberá transcorrer un mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

Unha vez comezados os exercicios dos procesos selectivos, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de realización das restantes probas no Boletín Oficial da Provincia. Será suficiente coa publicación polo órgano de selección na dirección web municipal <http://www.aestrada.gal/>, e no taboleiro de editos da casa do concello con polo menos 24 horas de antelación ao comezo cando se trate do mesmo exercicio, e de 48 horas se é un novo.

Contra os acordos do tribunal poderase interpoñer un recurso administrativo ante o órgano competente, conforme o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

Sétima. Exercicios da oposición

Primeiro exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en contestar, por escrito, un cuestionario tipo test de 40 preguntas, con 4 respostas alternativas na que unha só unha será correcta, baseadas no contido do temario da convocatoria. As persoas opositoras dispoñerán de 50 minutos para a realización do cuestionario. O tribunal será o encargado de elaborar o cuestionario, para o que se reunirá na data que acorde no momento da súa constitución. Neste exercicio cada resposta incorrecta non penalizará.

Para a elaboración das preguntas, repartirase de forma equitativa os temas entre os membros do órgano de selección.

Segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio

Consistirá en resolver un suposto práctico tipo test nun período de 30 minutos, con preguntas relacionadas coas materias obxecto do temario específico no prazo que estableza o órgano de selección, en función da natureza da proba.

Terceiro exercicio: proba de galego

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 2 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha proba específica de lingua galega que consistirá nunha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos adecuada ao nivel e contido da praza convocada. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado; no caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

Oitava. Cualificación dos exercicios da oposición

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición, serán cualificados de 0 a 10 puntos (agás a proba de galego, que se puntuará coa cualificación de apto/a ou non apto/a). Para aprobar cada un dos exercicios e acceder ao seguinte é necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

A cualificación final estará determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polas persoas aspirantes que fosen superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios. A orde de colocación das persoas aspirantes na lista definitiva de aprobadas establecerase de maior a menor puntuación.

Novena. Cualificación final e listaxe de persoas aprobadas

1.—A cualificación obtida polas persoas aspirantes será o resultado da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

2.—Unha vez determinada a cualificación final das persoas aspirantes, o tribunal fará pública a listaxe de persoas aprobadas, por orde de puntuación, no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal.

3.—O tribunal non poderá, en ningún caso, aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

4.—Non obstante, ao cualificar cada un dos exercicios, o tribunal non terá en conta a limitación anterior, que só se terá en conta para lle formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final (en que o número de persoas aprobadas nunca poderá superar o de prazas convocadas).

5.—No caso de empate nas puntuacións totais de dúas ou máis persoas aspirantes, a situación resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio. Se isto non for suficiente, resolverase tendo en conta a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate, resolverase mediante un sorteo que se realizará en presenza das persoas interesadas.

Décima. Achega de documentos por parte das persoas opositoras aprobadas

1.—A listaxe de persoas aprobadas publicarase no taboleiro de anuncios da casa do concello e na web municipal. Dentro da lista de persoas aprobadas propoñerase para o nomeamento de persoal funcionario aquel/a aspirante que acade a maior puntuación no seu conxunto.

2.—A persoa aspirante proposta ao nomeamento deberá achegar, dentro do prazo máximo de 20 días hábiles contados desde a publicación da listaxe de persoas aprobadas, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

1.—Documento nacional de identidade (fotocopia compulsada por ambos os dous lados).

2.—Certificado ou Informe médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.

3.—Declaración xurada de cumprir os requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.

A persoa aspirante será nomeada funcionaria de carreira polo Sr. Alcalde unha vez se xustifique documentalmentemente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso, no prazo máximo dun mes desde que termine o prazo para presentar a documentación

O nomeamento publicarase no Diario Oficial de Galicia.

Décimo primeira. Toma de posesión

A formalización de toma de posesión efectuarase no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento do/da interesado/a no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 60. c) e e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

Quen non o faga sen causa xustificada será declarado/a en situación de cesante e consecuentemente decaído/a no seu dereito a ser nomeado/a funcionario/a de carreira por falta de materialización da toma de posesión no prazo outorgado para o efecto, podendo procederse polo órgano municipal competente ao nomeamento do seguinte aspirante con maior puntuación obtida no proceso selectivo, sempre que teña superado a totalidade de exercicios integrantes da oposición.

Previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida na lexislación vixente, segundo acta de toma de posesión.

Décimo segunda. Carácter vinculante das bases

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

Décimo terceira. Incidencias e recursos

As convocatorias e as súas bases e cantos actos administrativos se deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas e polos interesados nos casos, termos e forma que prevé a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e demais normativa de concordante e procedente aplicación

Segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso de reposición contra a convocatoria e as súas bases (que esgotan a vía administrativa) ante a Alcaldía, no prazo de 1 mes. Despois de presentar este recurso, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

ANEXO I. TEMARIO

- 1.—Constitución Española: características, estrutura, reforma e dereitos fundamentais.
- 2.—Comunidade Autónoma de Galicia: Organización e Estatuto de Autonomía.
- 3.—Organización municipal: órganos de goberno e competencias.
- 4.—Materiais, ferramentas e maquinaria relacionada coa execución de obras, tarefas de pintura, cerraxería e carpintería, manipulación de cargas.
- 5.—Nocións básicas de fontanería.
- 6.—Nocións básicas de albanelería.
- 7.—Nocións básicas de electricidade.
- 8.—Maquinaria de construción, tipoloxía, usos e mantementol
- 9.—Nocións Básicas de seguridade e hixiene no traballo/Prevención de riscos laborais.
- 10.—Medidas preventivas que debe adoptar o operario de Obras e servizos básicos. Actuación en caso de accidente.



Venres, 15 de febreiro de 2019

Núm. 33

SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE OPERARIO/A DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS (PERSONAL FUNCIONARIO) DO CONCELLO DA ESTRADA

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:		DNI/CIF:	
------------------	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:		Núm.:		Andar:		Porta:	
Parroquia:		Código postal:		Concello:			
Provincia:		Teléfono de contacto:		Correo electrónico:			

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria para a provisión en propiedade de 1 praza de Operario/a (persoal funcionario) do Concello da Estrada.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (Celga 2 ou equivalente).
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición / Certificado de exención

(sinatura da persoa solicitante)

A Estrada, de de

A Estrada, 5 de febreiro de 2019
O ALCALDE

D. José C. López Campos

Asinado dixitalmente á marxe